Ser Noutras

Lectura Fácil

Cidade da Cultura de Galicia
Museo Centro Gaiás
30/10/2026 – 28/03/2027
cidadedacultura.gal

GALEGO

Ser Noutras
As coleccións dos museos

Unha colección artística é un proceso
que se fai pouco a pouco, obra a obra,
e sempre está incompleta.

A súa función é ofrecer unha mirada aberta e crítica
sobre o que pasa na sociedade.
Así, a colección dálle voz e ponse ao servizo do ben común.

O conxunto de obras que se expoñen aquí chámase ***Ser Noutras***.
Isto quere dicir que as obras, cando se expoñen,
poden cambiar de sentido.

Iso permite organizar unha exposición doutro xeito
para transmitir mellor o coñecemento e as experiencias artísticas.

As obras de arte poden entenderse de novas maneiras
e os museos poden contribuír aos cambios
na investigación artística, cultural e social.

Por iso, este proxecto xunta as voces das artistas
e crea diálogos entre elas.

O diálogo entre creadoras

Deste xeito, diferentes creadoras dialogan con obras da arte galega
da colección do Museo Reina Sofía, de Madrid,
nun diálogo a través do tempo que facilita encontros e colaboracións.

Estes encontros e colaboracións
constrúen as historias da nosa comunidade
entre persoas de distintas xeracións.

A pesar das diferenzas, as creadoras queren renovar
as actividades artísticas galegas
e achegalas a unha historia común.

A mostra *Ser Noutras*

Ser Noutras reúne 18 diálogos entre artistas galegos convidados
e obras de artistas galegos presentes na colección
do Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía.

A mostra pon o foco na igualdade, a colaboración
e os procesos artísticos
para buscar puntos de encontro entre os artistas.

As obras tratan temas diversos:
o corpo, a sexualidade, o xénero;
a arquitectura e os espazos para a vida;
a memoria, a historia, a identidade, a comunidade;
a sustentabilidade, o territorio;
o conflito, os afectos, os coidados e o feminismo.

A mostra une e combina diferentes medios de expresión
e disciplinas artísticas:
o audiovisual, a ***performance***, a fotografía, o son, o deseño,
as novas tecnoloxías, a arquitectura e a **banda deseñada**.

A *performance* é unha acción artística que se fai diante dun público;
o corpo do artista ou doutras persoas forma parte da obra.
A banda deseñada é unha forma de contar historias con debuxos e viñetas.

O Museo Centro Gaiás

Esta proposta permite ao Museo Centro Gaiás
funcionar como un espazo performativo,
é dicir, como un lugar onde se experimenta e se actúa.

Neste espazo pódese imaxinar, propoñer, probar,
xogar e reorganizar unha colección de arte.
Trátase de aprender sobre o que existe,
probar ideas novas
e crear desde lugares á marxe ou pouco habituais.

A mostra fai preguntas sobre as formas tradicionais
de escribir a historia da arte.
Ao mesmo tempo, desexa ofrecer un fragmento
da historia da arte galega contemporánea.

Tamén quere facer visibles novas realidades,
como a forza dos proxectos de moitas mulleres artistas.

Maruja Mallo
— Marta Pazos

A instalación de Marta Pazos, *Maruja*

Unha instalación é obra de arte feita para un espazo concreto,
con varios obxectos colocados dun xeito especial.
Maruja, a instalación deseñada por Marta Pazos,
inspírase na obra de Maruja Mallo,
unha pintora galega moi importante
que formou parte da xeración do 27.

A xeración do 27 é un grupo de poetas,
escritores e artistas dos anos 20 e 30.

Esta impresionante proposta expositiva
parte dos símbolos e imaxes surrealistas de Maruja Mallo.

O surrealismo é un movemento artístico
que explora os soños e o inconsciente.
O punto de partida do proxecto
é a obra de Maruja Mallo procedente do Museo Reina Sofía.
Nesta obra, as formas naturais dos seres vivos
convértense en formas xeométricas:
o aparello reprodutor feminino, os acios de uvas,
as espigas, as flores ou as cunchas de mar.

O teatro visual

O escenario que Marta Pazos crea
acolle os diálogos entre as obras artísticas
e as actividades da mostra ***Ser Noutras***.

O espazo é como un xoieiro: garda as obras como se fosen xoias.
Está adaptado ao deseño interior de Peter Eisenman,
que é o arquitecto que deseñou o Museo Centro Gaiás.

O xogo

O compoñente lúdico, de xogo, é clave para que o público
se introduza nos percorridos deste labirinto.
O espazo central é como unha praza.
Nesa praza hai unha gran hamaca circular,
onde o público pode descansar, desfrutar, pensar, escoitar...

A cor

A cor é un dos sinais da identidade artística de Marta Pazos.
Un cor vermello típico do teatro
introdúcenos dentro da obra.
As texturas e os tecidos suaves ofrecen unha experiencia corporal.

A peza colgante

Unha extravagante peza colgante completa o conxunto:
é unha especie de vaxina.
Un elemento poderoso da instalación inspirada en Maruja Mallo.

Loreto Martínez Troncoso — Yolanda Castaño

Yolanda Castaño

Yolanda Castaño naceu en Santiago de Compostela en 1977.
Leva máis de 30 anos traballando coa palabra, a voz e a comunicación.

Usa distintas formas de expresión:
a poesía, a música, o audiovisual,
a ***performance*** e outras linguaxes artísticas.

A *performance* é unha acción artística
que se fai diante dun público,
onde o corpo do artista ou doutras persoas forma parte da obra.

Loreto Martínez Troncoso

Loreto Martínez Troncoso naceu en Vigo en 1978.
Centra o seu traballo na palabra como materia viva.
É dicir, para ela, a palabra non é algo fixo,
senón que pode pronunciarse, repetirse,
interromperse ou desaparecer.

A artista relaciona a linguaxe escrita, a linguaxe oral,
o silencio e o corpo.
A maneira en que se di algo (o ton, o ritmo, os silencios, as dúbidas)
é tan importante como o que se di.

Para mi amigo

En *Para mi amigo*, unha voz diríxese unha e outra vez
a alguén ausente.
A repetición fai que estea presente.

O encontro entre as dúas artistas

As dúas artistas usan a voz como ferramenta
para activar a memoria.

Castaño incorpora a súa propia voz ás que xa están na peza
para crear un diálogo baseado na escoita,
os silencios, as preguntas e os sons que se repiten.

Castaño continúa a investigación de Martínez Troncoso
e converte *Para mi amigo* nunha forma de lembrar
e de transmitir esa memoria.
Porque lembrar tamén é seguir a falar e a responder.

Anna Turbau —Xisela Franco

Xisela Franco

Xisela Franco naceu en Vigo en 1978.
Traballa en diferentes disciplinas:
o cinema, a **instalación** e as **artes visuais**.

Unha instalación é unha obra de arte feita para un espazo concreto.
Pode estar formada por varios obxectos colocados dun xeito especial.
As artes visuais son a pintura, a fotografía, o vídeo, etc.

A artista investiga como se transmiten a aprendizaxe,
a memoria e o coidado
a partir de arquivos persoais e do encontro con outras mulleres.

En *Parolar cun eu*, Xisela Franco acompaña á cineasta e xornalista Margarita Ledo
polos espazos da antiga fábrica de cerámica Álvarez.

«Parolar cun eu» significa charlar comigo mesmo.
Nesa obra, o camiñar e a conversa convértense
nunha ferramenta que axuda a recordar.

Anna Turbau

Anna Turbau naceu en Barcelona en 1949.
Morreu en 2025.
As súas fotografías forman un arquivo visual
dos cambios na forma de vida en Galicia nos anos 70.

A artista fotografía as persoas, os lugares e os problemas
que non aparecen nos libros ou os medios de comunicación,
por exemplo:
as pacientes do hospital psiquiátrico de Conxo (Santiago),
a comunidade xitana do Vao (Pontevedra),
os movementos veciñais que se organizan para pedir melloras nos barrios.

O diálogo entre as obras

O traballo de Franco, Ledo e Turbau conéctase
arredor dos elementos que quedan fóra
do que se mostra habitualmente.

As súas formas de traballar forman unha rede de memoria
e de voces silenciadas.
Nesa rede, xúntanse a palabra, a imaxe e a experiencia
para construír unha historia compartida.

Carme Nogueira

Carme Nogueira

Carme Nogueira naceu en Vigo en 1970.
A artista investiga os lugares onde vivimos
e as historias que hai neses lugares:
busca o que queda fóra do que contan os libros
e os medios de comunicación.

Esas outras historias son as experiencias cotiás,
as memorias persoais e colectivas,
as vidas das mulleres que ninguén conta,
pero que son importantes.

Rotterdamweg ('Camiño de Rotterdam')

Rotterdamweg é unha obra feita en 2010.
Carme Nogueira fíxoa despois dunha estancia
nunha residencia de artistas en Rotterdam (Países Baixos).

A obra reúne dez pósteres e un vídeo documental.
O proxecto investigaba lugares e memorias de Rotterdam
a través de 10 historias de mulleres.

Sobre eses lugares, Nogueira fixo intervencións efémeras con xiz (*tiza*).
Unha intervención efémera é unha acción artística que dura pouco tempo.

A marca de xiz pode borrarse ou desaparecer:
é fráxil, como a memoria.
Pero, mentres a marca de xiz está,
cambia a nosa forma de mirar ese lugar.

A recuperación da obra

A artista recupera esta obra 16 anos despois
e fai que volva ter sentido.

Pero agora despraza o seu traballo cara a Galicia.
Santiago, Ponteareas e Lugo
son os novos espazos nos que a artista
presta atención ás persoas e ás súas historias.

O seu traballo está conectado coas investigacións
de Jaione Camborda, Javier Fernández Pérez de Lis
e Xosé Lois Gutiérrez Failde.

Carme Nogueira, Uqui Permui e Anxela Caramés — Contedor de feminismos

Ata finais do século pasado,
o arquivo era só un lugar para conservar
documentos, imaxes e obxectos.
Agora, tamén é un espazo de crítica.

As prácticas artísticas contemporáneas
din que facer un arquivo implica unhas decisións:
selección: escoller que se garda;
clasificación: ordenar e agrupar as cousas;
exclusión: deixar fora algunhas cousas.

Estas decisións danlle forma á nosa historia:
como se constrúe e se transmite.

O *Contenedor de feminismos*

Este proxecto naceu en Galicia en 2009
impulsado pola artista Carme Nogueira,
a deseñadora gráfica Uqui Permui e a **comisaria** Anxela Caramés
(unha comisaria ou comisario é a persoa que organiza unha exposición:
escolle as obras e decide como se mostran).

O proxecto é un arquivo dos movementos feministas
e das experiencias das mulleres.
Quere facer visibles as historias que faltan:
as loitas laborais das mulleres en defensa dos seus dereitos,
as súas formas de organización colectiva
e o movemento lésbico,
que defende o dereito das mulleres a amar outras mulleres.

Un dispositivo móbil

O *Contenedor de feminismos* non era só un lugar
para gardar documentos.
Era unha ferramenta que ía dun lugar a outro
para o encontro e a participación no espazo público.

O proxecto organizaba accións que reunían testemuños,
imaxes, obxectos e documentos
para construír unha memoria compartida.

A recuperación en 2026

O proxecto recupérase en 2026
dende as preguntas e os retos de hoxe.
Tamén ten en conta os cambios que experimentou o feminismo.

A memoria é un proceso aberto, sempre inacabado.
Recuperar o *Contenedor de feminismos*
significa non dalo por rematado:
o proxecto segue vivo e aínda hai cousas que facer e que pensar.

Elena Colmeiro — Mar Ramón Soriano

Elena Colmeiro

Elena Colmeiro é unha das principais artistas
da arte cerámica de España.

Ela quere que as súas obras non sirvan para nada práctico
e que sexan só arte.
A artista explora a liña curva,
o espazo baleiro e as relacións entre interior e exterior.

Pasou temporadas en Bos Aires (Arxentina), Madrid,
Berkeley (Estados Unidos) e Países Baixos.
Alí afondou na súa propia forma de traballar o barro.

Mar Ramón Soriano

Mar Ramón Soriano naceu en Valencia en 1993
e reside en Niñodaguia (Ourense),
un pobo con tradición de traballar o barro.

A artista traballa coa escultura e coa cerámica.
Na súa obra relaciona o corpo e o lugar
e emprega materiais cotiáns.

Presta atención ás tarefas e aos movementos das mulleres
e tamén ás redes culturais creadas polas viaxes e a emigración.

As dúas artistas teñen familiares que emigraron á Arxentina.
Esta experiencia común úneas.

Nesta obra, Mar Ramón presenta unha mesa
que se asemella a unha forma da natureza.
Sobre a mesa, coloca dúas pezas de Elena Colmeiro
e varias creacións propias.

As creacións de Mar Ramón prolongan as formas de Elena Colmeiro
e case chegan a confundirse con elas.

As pezas xuntas parecen unha ola do mar,
o pelo movéndose ou panos ao aire.
As pezas buscan o equilibrio
e dialogan a través dos volumes.

Virxilio Viéitez
— Andrea Costas

Virxilio Viéitez

Virxilio Viéitez naceu en Soutelo de Montes, Pontevedra, en 1930.
Morreu en 2008.
As súas fotografías retratan unha sociedade
na que a familia era o centro da vida social:
mostran familias reunidas,
retratos de varias xeracións,
escenas da vida cotiá e celebracións.
As imaxes conservan a memoria das persoas
e as normas sociais desa comunidade.

Andrea Costas

Andrea Costas naceu en Vigo en 1978.
É unha artista que analiza como nos queremos e nos relacionamos,
como vivimos en sociedade
e as ideas e costumes da nosa contorna.
Para Andrea Costas, o íntimo e persoal vólvese colectivo.

O diálogo entre as dúas obras

As obras de Andrea Costas e Virxilio Viéitez
están separadas por uns 50 anos,
pero póñense xuntas nesta exposición
para crear un diálogo entre o pasado e o presente.

O arquivo familiar convértese nun espazo de reflexión
para pensar como construímos a **pertenza**,
que é o sentimento de formar parte dun grupo ou un lugar.
E como transmitimos ese sentido de pertenza aos demais.

Julia Minguillón — Mar Caldas

Julia Minguillón

Julia Minguillón naceu en Lugo en 1906
e morreu en Madrid en 1965.
Foi unha das primeiras artistas galegas recoñecidas en toda España.

En 1934 gañou a terceira medalla na Exposición Nacional de Belas Artes
pola obra *Jesús con Marta e María*.
En 1940 converteuse na primeira muller en recibir a medalla de ouro
nesa exposición pola obra *Escola de Doloriñas*.

A súa formación académica tivo influencias das **vangardas**.
As vangardas son movementos artísticos novos e experimentais
que xurdiron a comezos do século pasado.

Jesús con Marta e María

Jesús con Marta e María é unha obra que une dous mundos.
A parte inferior da obra lembra as normas das academias artísticas
dos séculos 15 e 16 que buscan a proporción e a harmonía.

Na parte superior, a composición das figuras ten influencias
do ***art déco*** e do **cubismo**.

O *art déco* é un estilo decorativo dos anos 20 e 30
que usa liñas xeométricas e elegantes.

O cubismo é un movemento artístico que rompe as formas naturais
para transformalas en formas xeométricas.

Estas influencias vense na sensación de volume
e nas caras das mulleres.

Mar Caldas

Mar Caldas naceu en Vigo en 1964.
Establece un diálogo con Minguillón a través da obra *Coidadoras*.
Coidadoras pertence a unha serie de obras chamada *Facedoras de Bueu*.

Nesas obras, as *facedoras* son mulleres que fan un traballo
e ocupan o espazo público.
Os afectos e as emocións exprésanse mediante os xestos e as miradas.

Caldas volve a tomar o tema do traballo feminino no campo
na obra *Esfolladora de millo*
(a esfolladora é a muller que quita as follas do millo).

Nesa obra, Caldas dialoga cunha obra de Maruja Mallo:
Canto de las espigas.
Maruja Mallo foi unha pintora galega moi importante
que formou parte da Xeración do 27.

A xeración do 27 é un grupo de poetas, escritores e artistas
dos anos 20 e 30.

O diálogo entre as obras

Caldas une na súa obra dúas artistas do século pasado
que abriron camiños, que foron pioneiras,
e establece un diálogo entre elas
a través do traballo das mulleres.

Arturo Souto — Chelo Matesanz

Arturo Souto

Arturo Souto naceu en Pontevedra en 1902
e morreu en México en 1964.
Viviu e traballou en Madrid, París e México.

Nas súas pinturas, os corpos aparecen con luces,
posturas e situacións como nunha obra de teatro.

Chelo Matesanz

Chelo Matesanz naceu en Reinosa (Cantabria) en 1964.
A artista mira as imaxes e os relatos da historia do arte,
pregúntase por que son así
e propón outras formas de entendelos.

A súa mirada está marcada polo humor e a crítica.
Para a artista, a creación sirve para coñecer o mundo
e reflexionar sobre el.

Chelo Matesanz reflexiona sobre os desexos, medos e necesidades
e as pegadas que todo iso deixa nos obxectos.

O diálogo entre as dúas obras

O corpo non é só bioloxía,
a cultura e a sociedade tamén constrúen o corpo.
Ese interese polo corpo como unha imaxe
e unha construción cultural une as dúas obras.

Na obra de Souto, os corpos están á vista
e son observados.

Na obra de Matesanz, o corpo desaparece,
pero quedan os seus sinais:
a memoria material dunha presenza que xa no está.

José María de Labra — Mar Vicente

José María de Labra

José María de Labra naceu na Coruña en 1925.
É un dos primeiros grandes artistas da **abstracción**
e do **construtivismo** en España.

A abstracción é unha forma de pintar que non imita a realidade:
non representa persoas, cousas ou paisaxes tal como son,
senón que usa formas, cores e liñas.
O construtivismo é un movemento artístico que usa formas xeométricas.

Labra foi un dos primeiros en traballar estas ideas en España
xunto ao Equipo 57, un grupo de artistas españois dos anos 50.

A obra de Labra está moi vinculada á arquitectura,
á forma de construír edificios e espazos.

Expansión espiral

Expansión espiral é unha obra de 1972.
Nesta obra, a espiral feita con corda e madeira
sae fóra do lenzo.

O artista crea relevos (partes que sobresaen da superficie),
sensación de movemento e xogos de luces, sombras,
formas xeométricas e curvas.
Aínda que a obra estea quieta, parece moverse.

Mar Vicente

Mar Vicente naceu no Valadouro, Lugo, en 1979.
Parte da pintura, pero pensa as súas obras como obxectos e espazos.
Neste caso, a pintura sae da superficie plana e ocupa o espazo.
A luz e a cor son elementos moi importantes.

Hexagonal

Na obra *Hexagonal*, Mar Vicente parte da obra de Labra *Expansión espiral*.
A artista desenvolve unha instalación
formada por tres planos perpendiculares ao chan
(como se fosen paredes).

O diálogo entre as dúas obras

Hexagonal dialoga coa obra de Labra:
a obra de Labra é plana, pero a de Mar Vicente ocupa o espazo.
A instalación pode percorrerse
e pódese contemplar desde diferentes puntos de vista.

Berta Cáccamo — Julia Huete

Berta Cáccamo

Berta Cáccamo naceu en Vigo en 1963.
É unha figura destacada da **abstracción** en Galicia.

A abstracción é unha forma de pintar que non imita a realidade:
non representa persoas, cousas ou paisaxes tal como son,
senón que usa formas, cores e liñas.

As súas teas non son de branco puro.
Están feitas con signos, símbolos, xestos e manchas de materia.
O soporte (é dicir, a base sobre a que se pinta: tea, lenzo ou papel)
pasou a ser protagonista na súa obra.

A súa pintura busca resumir, quedar co esencial.
É o que queda de algo que xa non está:
un anaco material da memoria.

Julia Huete

Julia Huete naceu en Ourense en 1990.
O diálogo que establece con Berta Cáccamo
nace dun frechazo artístico: unha conexión
inmediata e intensa entre dúas artistas
que se coñecen e traballan coa abstracción.

Julia Huete explora a abstracción con materiais, texturas e **instalacións**.
Unha instalación é unha obra de arte
feita para un espazo concreto,
con varios obxectos colocados dun xeito especial.

Na súa práctica artística, Julia Huete incorpora a costura e o tecido.
Tamén emprega o cómic e a **colaxe**,
que é unha técnica que consiste en pegar fragmentos
de materiais distintos sobre unha superficie.

O bordado e outras técnicas téxtiles critican
que os homes teñan máis poder e recoñecemento
ca as mulleres na arte.

Vari Caramés
— Kiko Pérez

Vari Caramés

Vari Caramés naceu en Ferrol en 1953.
Desenvolve unha fotografía perceptiva.
É dicir, a fotografía atenta á intuición e ao instante,
a unha forma de ver e sentir.

As súas imaxes poñen o foco no que adoita pasar desapercibido,
no que ninguén lle presta atención.
Caramés fíxase en xestos, ambientes, tempos
e no que está nas marxes, fóra do centro de atención.

Kiko Pérez

Kiko Pérez naceu en Vigo en 1982.
Traballa desde unha temporalidade expandida.
Isto quere dicir que a obra segue a cambiar despois de facela.

As súas obras nacen de procesos de:
revisión: volver a mirar algo,
desprazamento: mover algo dun lugar a outro,
sedimentación: algo que se vai depositando pouco a pouco,
como a area que se acumula no fondo dun río.

Cada peza permanece aberta e pode cambiar de sentido.
Na súa práctica artística, construír tamén é desmontar e volver mirar.
Ás veces, para construír hai que desfacer o que xa existe.

A relación entre os dous artistas

A aproximación entre Vari Caramés e Kiko Pérez
non nace dun estilo semellante,
senón dunha forma de mirar.
Os dous prestan atención ao mínimo, ás cousas pequenas
e ao que aínda non ten un significado claro.

As dúas obras

En *Coruña by Night*, Caramés constrúe unha aparición:
un rostro aparece na escuridade,
dividido polo marco dunha porta.

Na obra de Pérez, a retícula laranxa,
as liñas guían os ollos e fan que a superficie se vexa
como un espazo aberto.

A fotografía e a pintura poden mostrar
novas formas de ver o mundo.
Cando se mantén aberta a mirada,
pódese percibir o importante.

Xurxo Lobato — Yoseba MP

Xurxo Lobato

Xurxo Lobato naceu na Coruña en 1956.
É un fotógrafo que retrata os cambios
na forma de vivir e de traballar do pobo galego.

Nas súas obras *Jalisia is my country*,
Galicia terra Nai e *Jalisia sitio distinto*,
Lobato mostra dous cambios principais:
a migración das persoas do rural cara ás cidades
e a transformación das cousas locais en globais
(por exemplo, un viño que antes só se vendía na aldea
e agora se vende en todo o mundo).

Lobato fai un intenso traballo de estudo e observación
a finais dos anos 80 para captar os cambios na sociedade galega,
pero tamén as cousas que seguen iguais.

A súa mirada ten ironía, humor, afecto
e confianza coas persoas que retrata.

Tamén usa o **kitsch**, que é un estilo
que emprega adornos esaxerados,
cores brillantes e materiais baratos, como o plástico.

Yoseba MP

Joseba Muruzábal é coñecido como Yoseba MP.
Naceu en Cambre en 1984.
É un dos muralistas galegos máis valorados.
O muralista é un artista que pinta en muros e paredes.

En 2012 comezou unha serie de obras chamada *Fenómenas do rural*.
Nesa serie, Yoseba pinta nas paredes as súas «superavoas».

É unha homenaxe á muller rural galega,
ao seu traballo e á súa forza.

Jalisia sitio distinto

Neste traballo, Yoseba xunta unha fotografía de Lobato
cunha **instalación mural**.

Unha instalación mural é unha obra de arte feita nun muro ou parede.
Pode combinar pintura, fotografías e outros obxectos.

A instalación de Yoseba ten como figura principal a superavoa.
Tamén ten elementos cotiáns, rurais e kitsch.

Así, fálase da memoria, da identidade (o que somos e como nos vemos)
e os cambios e transformacións
na forma de vivir dunha sociedade.

Tino Grandío — Rodríguez-Méndez

Tino Grandío

Tino Grandío naceu en Lousada, Guntín (Lugo), en 1924.
Morreu en 1977.
Foi unha das figuras máis destacadas
da pintura galega da posguerra.
A posguerra é a época que vén despois da Guerra Civil (1936-1939);
esta época (1939-1959) foi moi difícil para moitas persoas.

Grandío formouse en Madrid
grazas a unha axuda económica da Deputación de Lugo.
O artista desenvolveu unha forma propia de pintar,
influída polo informalismo.

O informalismo é un movemento artístico
que rexeita as formas tradicionais.
Non busca representar a realidade tal como é,
senón que usa manchas, texturas e xestos.
Tamén estivo influído por grandes mestres da historia da arte,
como Goya (1746-1828) ou Brueghel (1525-1569).

Campesino afila guadaña

Campesino afila guadaña é unha obra de 1964
que mostra as características principais da pintura de Grandío:
representación sinxela de figuras,
de gran forza expresiva,
dominada por grises e brancos.

Os grises e brancos traen á memoria a paisaxe
e a identidade do mundo rural lucense.

Carlos Rodríguez-Méndez

Carlos Rodríguez-Méndez naceu en Pontevedra en 1968.
Traballa desde a escultura expandida,
é dicir, unha escultura que combina outros elementos:
instalacións, **accións performativas** e palabras.

Unha instalación é unha obra de arte feita para un espazo concreto;
pode estar formada por varios obxectos colocados dun xeito especial.

Unha acción performativa é unha acción artística
que se fai diante dun público.
O corpo do artista ou doutras persoas forma parte da obra.

Llamar. Multiplicar

Llamar. Multiplicar (2026) é unha instalación participativa.
Isto quere dicir que o público non só mira,
senón que tamén participa na obra.

Nesta obra, seis parellas de nais e pais
interveñen sobre papeis amarelos
e usan lentes graduadas.

A obra é unha reflexión sobre a comunicación,
a experiencia compartida
e a multiplicación dos significados.

O diálogo entre as dúas obras

O diálogo entre as dúas obras xorde da imaxe da **gadaña**,
unha ferramenta longa con fío cortante
que úsase no campo para segar.

O fío cortante enténdese como ferramenta de traballo,
transformación e precisión.

Rodríguez-Méndez toma a gadaña da pintura de Grandío
e dálle un novo sentido.
Pero agora xa non se pinta a gadaña,
faise un xesto co corpo: o movemento de usar a gadaña.

Aínda que as dúas obras son diferentes,
teñen unha forza poética que emociona.

Grandío trae á memoria a paisaxe e as xentes da Galicia rural.
Rodríguez-Méndez busca o sentido das cousas
a través da relación que hai entre palabra, acción e escultura.

Salvador Cidrás — Jacobo Bugarín

Jacobo Bugarín

Jacobo Bugarín naceu en Santiago de Compostela en 1983.
Bugarín pregúntase quen pode moverse,
que cousas pódense mover e como se moven
como unha forma de cuestionar a sociedade.

A obra *De un cuerpo a otro*

Na obra *De un cuerpo a otro*, Bugarín leva caramelos dun museo a outro:
os caramelos veñen da exposición de Félix González-Torres
no Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía.

Félix González-Torres é un artista coñecido por facer obras con caramelos.
Bugarín leva eses caramelos ata o Museo Centro Gaiás, en Santiago,
e fai este traslado de caramelos moitas veces, unha e outra.

Bugarín garda e transporta un recordo;
o seu propio corpo é soporte dunha memoria
a través do movemento, a repetición e o contacto.
Os caramelos son outra obra, outro corpo.

Salvador Cidrás

Salvador Cidrás naceu en Vigo en 1968.
A súa obra *Sen título* (2003) pertence á serie *Quiero ser como tú*.

Cidrás dialoga coas cuestións de Bugarín.
Nesta obra, a pintura sae do cadro
e ocupa o lugar onde está o espectador,
que tamén participa e forma parte da obra.

A percepción, o xeito de ver e sentir algo,
depende do movemento e da posición do corpo.

O que vemos cambia segundo onde esteamos
e segundo como nos movamos.

O encontro entre os dous artistas

O encontro entre Bugarín e Cidrás nace do inesperado.
Os dous pensan a obra artística como un espazo de relacións.

A acción artística de Bugarín recupera o sentido da peza de Cidrás.
Así, a peza de Cidrás convértese nun proceso aberto
que continúa producindo relacións no presente.

Estampa Popular Galega — Pía Piadosa

Estampa Popular Galega (EPG)

Nos últimos anos da ditadura franquista
naceu en España un movemento de protesta artístico e político.
Ese movemento coñécese como Estampa Popular
e empregaba a arte para defender a liberdade.

Os principais medios de expresión deste movemento
foron o **gravado** e as **artes gráficas**.

O gravado é unha técnica para facer imaxes.
Faise nunha superficie dura e despois imprímese en papel.
As artes gráficas empregan a impresión para crear imaxes,
por exemplo: o gravado, a serigrafía ou a litografía.

Estas obras difundíanse a través de diversas publicacións.
Estampa Popular estivo influída polas protestas de Maio do 68 en Francia,
cando miles de estudantes e traballadores pedían cambios sociais e políticos.

A Estampa Popular Galega

A Estampa Popular Galega (EPG) creouse en 1968
e estivo activa ata 1970.

O colectivo de artistas buscaba achegar a arte á sociedade,
denunciar a represión do franquismo
e as condicións de vida difíciles nas que vivían obreiros e campesiños.
Facían exposicións en espazos populares, como bares e tabernas.

Entre os seus principais protagonistas estiveron
Reimundo Patiño, Xavier Pousa e Elvira Martínez.

Xunto a eles, tamén participaron artistas como
Xaime Quessada, Enrique Ortiz, Bea Rey, Tino Grandío,
Laxeiro, Rivas Briones e Xulio Maside.

Pía Piadosa

O traballo de Natalia Pía, *Pía Piadosa*,
sitúase entre a ilustración (facer debuxos para libros ou revistas)
e a autoedición (cando unha persoa publica as súas propias obras
sen unha editorial).

Pía Piadosa entende a creación como un xesto político,
é dicir, como unha forma de protesta
e de participación na vida pública.

A súa nova instalación dialoga coa EPG desde o presente
(unha instalación é unha obra de arte feita para un espazo concreto;
pode estar formada por varios obxectos colocados dun xeito especial).

Pía Piadosa transforma a palabra en formas de cerámica.
Tamén combina gráfica, texto
e materiais téxtiles (feitos con fíos ou tecidos).

A artista explora as relacións entre o individual e o colectivo
en diferentes dimensións:
sociais, afectivas e feministas.

Francisco Leiro — Pablo Barreiro

Francisco Leiro

Francisco Leiro naceu en Cambados en 1957.
Na súa obra únense as tradicións populares galegas
e unha visión actual cunha tendencia surrealista.

O surrealismo é un movemento artístico
que explora os soños e o inconsciente.

A obra de Francisco Leiro está marcada polo humor,
a ironía e o **paradoxo**.

O paradoxo é unha idea que parece que vai en contra da lóxica,
pero que pode ter sentido.
Por exemplo, o refrán «se che digo a verdade, minto».

Rarear (Entresacar)

Rarear (Entresacar) é unha obra do ano 2000
formada por tres esculturas.
As esculturas teñen cabezas que recordan as dos paxaros,
ocultan os rostros e non teñen brazos nin pernas.
No canto de brazos aparecen fundas de violoncello.

Así, créase unha imaxe surrealista:
unha figura que parece un corpo,
pero que tamén parece un obxecto.
O título da obra reforza o misterio das esculturas.

Pablo Barreiro

Pablo Barreiro naceu en Meaño (Pontevedra) en 1982.
Investiga os materiais con que se fai unha obra
e coas formas de facela.

Traballa coa cerámica, o deseño
e outras maneiras de construír as obras.

Na súa obra, a repetición, o erro e a casualidade
forman parte da creación.
Tamén se pregunta que é unha obra orixinal
e que é unha copia.

Sen título

Sen título é unha obra de 2026
que dialoga coa obra de Leiro
a través dos seus elementos:
o corpo, a pel, a textura e o tamaño.

O artista define este proceso como *paralizado*
e di que «é a copia dunha sorte de exoesqueleto
que lle dá a volta á carne».

Un exoesqueleto é un esqueleto que está por fóra do corpo,
como o dos insectos, arañas e crustáceos.

Na obra de Barreiro, isto significa
que o que normalmente está dentro,
agora está fóra.

Menchu Lamas — Lois Patiño

Menchu Lamas

Menchu Lamas naceu en Vigo en 1954.
A súa obra constrúese desde unha experiencia da cor.
A cor é algo que se ve, pero tamén é algo que se sente,
que ocupa un espazo e pode transformalo.

Desde os seus comezos, Lamas estivo vinculada ao movemento Atlántica.
O movemento Atlántica é un grupo de artistas
que naceu nos anos 80
e renovou a arte galega da época.

Para Lamas, a cor é unha forma de pensamento
que tamén se habita,
como se a cor fose un lugar onde vivir.

Entre as súas figuras e signos,
o peixe é unha imaxe que se repite
e que ten un significado especial,
asociado ao movemento
e a unha forma de vida na auga.

O pescador

O pescador é unha obra de 1983.
A obra fala da relación entre o corpo, o espazo e o movemento.

Lois Patiño

Lois Patiño naceu en Vigo en 1983.
O seu traballo explora a capacidade que ten a imaxe
para que vexamos o espazo e o tempo doutra maneira.
As súas películas mostran paisaxes, corpos e ambientes.
A imaxe fai de ponte entre distintas formas de mirar e sentir.

Título

Título é unha obra de 2026.
Nesta obra, Patiño leva a experiencia da cor de Lamas
cara á arte de facer películas (cinema)
e incorpora o movemento do peixe
como unha imaxe asociada ao cambio e á transformación.

O diálogo entre as dúas obras

Entre as dúas obras hai un diálogo
entre linguaxes artísticas (pintura e cinema)
e entre dúas xeracións.
O legado é o que se transmite dunha xeración a outra.
Pero cando se transmite, tamén se transforma.

A obra de Patiño estende a experiencia da cor de Lamas
cara ao cinema
e dálle un novo significado a esa experiencia.